

**Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida para o estudiantado beneficiario ou solicitante de protección internacional, apátrida ou en situación de protección temporal afectado polo conflito de Ucraína, no curso académico 2023/2024**

De conformidade co establecido no punto 6 do anexo I da Resolución Reitoral do 26 de xuño de 2023 no que se regulan as bases da convocatoria *de bolsas para o estudiantado beneficiario ou solicitante de protección internacional apátrida ou en situación de protección temporal afectado polo conflito de Ucraína*, unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas procede a:

esta Reitoría RESOLVE:

1. Publicar a listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida e a súa contía e tendo en conta que non hai solicitudes denegadas, eleva a **definitiva** (anexo I)
2. De acordo co establecido no punto 9 da convocatoria son obrigas das persoas beneficiarias:

-Matricularse no curso 2023/2024 antes do 15 de novembro de 2023 nalgunha titulación oficial de grao, mestrado universitario, doutoramento, ou propia de especialista da Universidade de Vigo. A obtención do título queda condicionada ao mantemento da permanencia legal no país.

-Participar de xeito presencial nas actividades académicas ao longo de todo o curso, a realización das probas e exames das materias nas que se atopan inscritas e a participación responsable nas demais actividades orientadas a completar a súa formación. A Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade poderá solicitar os informes que considere oportunos para a determinación do cumprimento das obrigas establecidas neste apartado.

-Entregar unha memoria sobre a experiencia persoal e académica, no prazo dunha semana dende que remata o curso.

-Manter a condición de solicitante ou beneficiario de protección internacional durante todo o curso. No caso dos solicitantes de asilo deberán comunicar a admisión ou inadmisión a trámite da solicitude en canto a reciban.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no

**CSV : GEN-78bd-fd13-41c0-087c-883f-1872-e8f8-11ab**DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>**FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL DOVAL RUIZ | FECHA : 10/10/2023 11:11 | NOTAS : F**

artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.


Vigo, na data da sinatura electrónica  
 O reitor  
 Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)  
 A vicerreitora de Benestar, Equidade e Diversidade,  
 María Isabel Doval Ruiz

*ANEXO I*

*LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS CON BOLSA CONCEDIDA E A SÚA CONTÍA*

Documento	Contía
****51672	2.000 € + prezos públicos matrícula + curso español
****7931W	2.000 € + prezos públicos matrícula + curso español
****8526Y	2.000 € + prezos públicos matrícula + curso español
****5760M	2.000 €+ prezos públicos matrícula + curso español
****8523D	2.000 € + prezos públicos matrícula + curso español
****61393	2.000 € + prezos públicos matrícula + curso español

Código seguro de Verificación : GEN-78bd-fd13-41c0-087c-883f-1872-e8f8-11ab | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



**CSV : GEN-78bd-fd13-41c0-087c-883f-1872-e8f8-11ab**  
 DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>  
**FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL DOVAL RUIZ | FECHA : 10/10/2023 11:11 | NOTAS : F**